


ACTIVIDADES MUSICAIS

Eu quedo na casa!



RECORDADE: SON ACTIVIDADES VOLUNTARIAS

Todas estas actividades podedes gravalas ou sacarles unha fotografía e envialas ao seguinte e-mail:

bolboretafeiticeira@gmail.com

(e-mail da profe de música, Bea)

Agradecemos que indiquedes o voso nome e a clase a que pertencedes ou o nome da titora.



1. A PRIMAVERA DE VIVALDI




Continuamos con algunha actividade relacionada coa Primavera.

Nesta ocasión tócalle a un corto clásico Disney “Árboles y Flores” coa base musical da “Primavera” de Vivaldi

<https://www.youtube.com/watch?v=dciiqiydew>

Se vos gusta o colar que leva a árbore podedes intentar facer un con material de reciclaxe como pode ser papel de periódico ou de revista.

DEIXADE VOAR A IMAXINACIÓN E A CREAR!



2. MANUALIDADE: BOTELLAS AFINADAS

Xa estamos de volta das vacacións polo que con esta canción de Lydia Botana imos saudarnos, aínda que sexa a distancia.

<https://www.youtube.com/watch?v=ayKgsZsEFK8&feature=youtu.be>

“Esperamos que pronto poidamos facelo en persoa e bailar xuntos”


Seguro que recordades a que continente viaxamos cando a escoitamos na clase... Siii a Asia! O instrumento que tocamos con esta canción son as campás (como as da foto) pero podemos adaptarnos e crear as BOTELLAS AFINADAS como as que temos na aula multisensorial do cole. Que vos parece?

Deixamos un enlace (demasiado técnico) para crealas ben afinadas pero non é necesaria tanta precisión xa que sonarán aínda que non sigades as medidas que indica o vídeo. Podedes tocalas cunha culler golpeando a modiño en vez de coa boca. DESFRUTÁDEAS!

<https://www.youtube.com/watch?v=f27BGASKDbQ>



3. CONTACONTO MUSICAL: VEO VEO



A partir de este conto cantado propoñemos algunhas actividades a realizar:


<https://www.youtube.com/watch?v=tUVRm2WWHTU&t=110s>

Actividades:

- Crear os personaxes e contar o conto xogando con eles: debuxados ou manualidade.
- Escribir os nomes dos personaxes e relacionar o nome co personaxe ou xogar a memory (dándolle á volta as tarxetas) relacionando nome-debuxo.




4. XOGOS DE DEDOS



Seguimos con xogos coas mans, nesta ocasión en vez de ser un xogo de palmas é un xogo de dedos.

A ver que tal o facedes!

<https://www.youtube.com/watch?v=UJjE3biof6g>



5. MARCANDO O RITMO



Avanzamos un pouquiño máis no ritmo, nesta ocasión con este vídeo:


<https://www.youtube.com/watch?v=v1EKhCtt5RY>

Podedes volver a repasar a da semana anterior e comparar cal vos resulta máis fácil. Cada un ao seu nivel, non hai presión, adaptámonos a o ritmo propio de cada un. Tan só é escoitar con atención e práctica.

VAMOS FAMILIA! TODOS XUNTOS A PRACTICAR!



6. CANCIÓN EN LINGUA DE SIGNOS



Nesta ocasión propoñemos outra actividade de baile mesturada con lingua de signos.

<https://www.youtube.com/watch?v=B0QSNrukSKM>



E de novo propoñemos un reto a ver se recoñecedes estes signos na canción. Algún máis?



BUSCAR



LEVANTAR



SOÑAR



LETRA O

7. ADIVIÑA SONS



Esta actividade xa sabedes que require moita concentración.

Nesta ocasión tedes que adiviñar os sons que produce o noso corpo.

Intentade só escoitar, sen mirar o vídeo, xa que vos dan pistas mostrando a sombra.

Hai dous vídeos, son dúas partes.

Podedes practicar cada un dos sons a ver se podedes repetilos.

Parte 1: <https://www.youtube.com/watch?v=zNuQhykwXpM>

Parte 2: <https://www.youtube.com/watch?v=IAUBli7MZpQ>

